



## **BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO**

(sorteo de # en Instagram)

### **1.- EMPRESA ORGANIZADORA DA PROMOCIÓN**

A empresa **NÓS OPOSICIÓN** con domicilio en **Praza Fábrica de Tabacos, 13, Baixo** e identificada co número **B15936735** organiza o sorteo (en adiante, “A Promoción”) de ámbito nacional, a desenvolver a través de Internet, exclusivo para usuarios residentes en **Galicia** de acordo co disposto no apartado de requisitos de participación. A finalidade deste sorteo é premiar a fidelidade dos seguidores da marca.

### **2.-DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN**

A promoción se iniciará o día **21** de **XUÑO** de **2024** ás **19:00h**, e finalizará o día **15** de **XULLO** ás **15:00h**.

### **3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN**

Os requisitos de participación serán os seguintes: EN INSTAGRAM:

- Poderán participar aquelas persoas que estean matriculadas na academia (calquera dos nosos centros de A Coruña, Santiago, Lugo e Vigo) para que por ende sexan alumnos que podan beneficiarse da adquisición dos materiais que se entregan de forma mensual, e así poder facer uso do premio.
- Só poderán participar aqueles participantes que sexan titulares dunha conta en Instagram e sexan seguidores do noso perfil de Instagram @nosoposicions
- Os participantes deberán compartir un video interpretando a canción (pode ser playback sen problema) e publicalo empregando o hashtag #rapeandoconNÓS e mencionando a @nosoposicions
- (Os participantes só poderán participar cun único perfil de Instagram. Si se detecta que un participante participa con varios perfis de Instagram serán descalificados.)
- Só se aceptarán os videos feitos no período horario mencionado anteriormente para o sorteo, os feitos fora de prazo serán descalificados.

#### 4.- CONDICIÓN DA PROMOCIÓN E PREMIOS

O gañador será elixido polo equipo de redes, que seleccionará os tres vídeos máis orixinais. O gañador será comunicado o día **17 de XULLO ás 18:00h**, a través do perfil de instagram da marca, a través tamén dunha mensaxiña. **O premio consistirá en tres vales de desconto para material, un primeiro de 30€, un de 25€ para o segundo e outro de 20€ para o terceiro posto.** Se sorteará no perfil de Instagram. O premio non se poderá canxear por diñeiro en metálico ou por calquera outro premio, ni pode ser obxecto de cambio ou alteración. A celebración do sorteo, así como a concesión do premio quedan suxeitos á normativa fiscal vixente.

O gañador terá 48 horas para reclamar o seu premio contactando con nós a través dun mensaxe directo, se lles solicitará nome completo, teléfono, DNI. En caso de que o gañador non conteste no tempo establecido se pasará ao suplente seleccionado tamén automaticamente pola aplicación de easypromos á hora da realización do sorteo. O suplente terá outras 48 horas para reclamar o premio, en caso de que iso non ocorra, o premio quedará deserto.

**\*O premio será recollido en persoa na academia correspondente.**

#### 5.- DESCALIFICACIÓNS E PENALIZACIÓNS

Si se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos exigidos nas Bases, ou os datos proporcionados para participar non foran válidos, a súa participación se considerará nula e quedarán automaticamente excluídos da promoción perdendo todo dereito sobre os premios otorgados en virtude desta promoción.

**\*En caso de que o gañador resulte non cumprir cos requisitos establecidos, automaticamente se pasará a un suplente.**

#### 6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS U OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios u opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, inxuriosos ou discriminatorios ou que puideran vulnerar dereitos de terceiros. Tampoco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Non nos responsabilizaremos dos danos ocasionados polos comentarios que fagan os participantes na promoción, e que en calquera momento puideran ferir a sensibilidade doutros participantes. A participación na presente promoción, así como a publicación dos comentarios que se realicen por parte dos participantes nas publicacións no poderán vulnerar baixo ningún concepto as Regras comunitarias de Instagram nin as Condicións de uso de Instagram.

## 7.-EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, non nos responsabilizamos das posibles pérdidas, robos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que podan afectar ao desenvolvemento da presente promoción, así como tampouco nos responsabilizamos do uso que faga o participante respecto ao premio que obteña desta promoción. Non asumimos a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuito que puideran impedir a realización da promoción ou o disfrute total ou parcial do premio.

## 8.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

De conformidade co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos, cada participante coa aceptación destas Bases Legais consente que os seus datos persoais sexan incorporados a un ficheiro, titularidade desta, coa finalidade de xestionar o sorteo, así como difundir e dar publicidade aos seus resultados, e tramitar a entrega do premio. Lle informamos que pode exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación do tratamento, Portabilidade, olvido e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas mediante o envío dun e-mail a **nosoposicions@nosoposicions.com** ou ben mediante carta dirixida á seguinte dirección: **Praza Fábrica de Tabacos, 13. Baixo**, adxuntando en ambos casos copia dun documento identificativo.

## 9.- CAMBIOS E ACEPTACIÓN

Nos reservamos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non perxudiquen ou menoscabe os dereitos dos participantes na promoción. O mero feito de participar no sorteo implica que o participante acepta totalmente as condicións destas Bases Legais. Asimismo, a participación nun sorteo desta natureza supón a aceptación das normas da rede social Instagram e Facebook a través da cal se desenvolve o mesmo.

## 10.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN

Estas bases legais se rexirán de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que poidera plantexarse en relación ca validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xuzgados e Tribunais da cidade de residencia dos participantes.